

## RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024029403
ASUNTO	Servizo de patrocinio publicitario do festival Sonrías Baixas 2024, a celebrar no concello de Bueu os días 1, 2 e 3 de agosto de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia.
TRÁMITE	Aprobación do expediente.

PMC/Arm

**A deputada delegada da Área de Infraestruturas públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das competencias atribuídas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN**

Un dos principais obxectivos do Servizo Turismo Rías Baixas é o da promoción do destino e crear unha imaxe global de marca baixo a denominación "Rías Baixas", englobando todo o territorio da provincia de Pontevedra. A evolución positiva dos últimos anos pon en evidencia a contribución socioeconómica dos festivais de música na provincia de Pontevedra, xerando riqueza, creando emprego e contribuíndo ao crecemento doutros sectores económicos da zona, como son o comercio, a hostalaría, o transporte ou o turismo.

Un deses festivais de referencia, no panorama musical, na nosa provincia, é o SONRÍAS BAIXAS, que terá lugar, neste ano 2024, a súa edición número 21, celebrándose entre os días 1, 2 e 3 de agosto no concello de Bueu. Respecto ao mesmo, o servizo de Turismo Rías Baixas informa que a empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (CIF B-94.168.705), coma titular da marca SONRÍAS BAIXAS, posúe o dereito exclusivo para a organización do festival e tamén dereito de utilizar a devandita marca no tráfico económico, constando no expediente o rexistro da marca pola devandita empresa (CSV: C36OOKBYABUUEBIJ).

O Servizo de Turismo Rías Baixas dispón de datos que analizan os efectos positivos do Festival SONRÍAS BAIXAS (prego de prescricións técnicas apartado 3) en edicións precedentes, non só na comarca, se non coma reclamo para o resto da provincia, sendo un revulsivo económico para o territorio, e cumprindo cos tres piares nos que o Servizo de Turismo estima que deben apoiarse as propostas de patrocinio: alto valor engadido, sinerxías coa localidade a través de distintas accións e actividades, e fomento do turismo no territorio, sendo a súa antigüidade de máis de catro anos, e atopándose na súa vixesimoprimeira edición. Ademais ten calidade e prestixio, avalada por diferentes premios a nivel español e europeo nos últimos anos. Chegando a ser premiado este ano nos Iberian Festival Awards 2023, na categoría de mellor promoción turística. E obtendo ata 10 nominacións máis neste premio. Así como sendo nominado, tamén, nos Premios Fest 2023, na categoría Festival de pequeno formato, nominación repetida en anteriores edicións.

Polo tanto o impacto do Festival SONRÍAS BAIXAS 2024 considérase positivo para a dinamización económica da área na que ten lugar o evento, que mellora a imaxe do destino e que contribúe a promoción e difusión da marca Rías Baixas.

Polo que dende o Servizo de Turismo Rías Baixas, ao non contar cos medios propios necesarios para levar a cabo este tipo de eventos musicais, considera beneficioso para a administración este patrocinio, xa que con este apoio se pode dar cumprimento aos fins institucionais que lle son propios e recoñecidos na lexislación actual, concretamente na Lei 7/1985, de 2 de abril; reguladora das Bases de Réxime Local; BOE núm. 80 de 3 de abril), onde segundo o artigo



36.1.d), ten encomendada a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cas competencias das demais administracións Públicas neste ámbito”.

A xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e prace da Deputada Delegada de Turismo, propón, mediante informe de data 05/05/2024, a contratación do servizo de patrocinio publicitario do festival Sonrías Baixas 2024, a celebrar no concello de Bueu os días 1, 2 e 3 de agosto de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia. O contrato proposto ten un prazo máximo de duración dende a data de formalización do mesmo e ata o 3 de outubro do 2024, sen preverse prórrogas. O orzamento base de licitación é de 49.610,00 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Con data 14/06/2024 o servizo de Turismo Rías Baixas emite informe complementario ao contrato de patrocinio.

Visto que, con data 13/05/2024, Intervención emite Documento RC nº 202400099538 polo importe de 49.610,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.226.23 do vixente orzamento provincial.

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 15/05/2024 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 23/05/2024.

Visto que con data 27/05/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Con data 17/06/2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos e que o procedemento a aplicar é o negociado sen publicidade e con exclusividade, por proceder a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial, conforme o recollido no artigo 168.2 LCSP. O servizo xestor informa na súa providencia de inicio que a empresa Play Plan Cultural, S.L.U. (B94168705), coma titular da marca Sonrías Baixas, posúe os dereitos exclusivos para a organización do festival e utilizar a devandita marca no tráfico económico, constando no expediente o rexistro da marca pola devandita empresa (CSV: C36OOKBYABUEBIJ).

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18/06/2024 coas seguintes observacións e recomendacións:

*"1.-Selección dos festivais obxecto dos contratos de patrocinio.*

*Tal e como se puxo de manifesto en anteriores expedientes de contratación: "Os festivais obxecto dos contratos de patrocinio a celebrar pola Deputación deben seleccionarse en base a unha convocatoria pública ou ben de xeito directo, sempre e cando se acredite a concorrencia de determinados requisitos (aforo, duración, impacto, actividades complementarias, antigüidade, programación, prestixio ou imaxe da marca,... ) que xustifiquen a singularidade dos mesmos". A este respecto, foi aprobada polo Pleno da Corporación a Ordenanza reguladora do uso da marca "Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia" publicada no BOPPO núm. 34 do 17 de febreiro de 2023, que permite a solicitude do uso da marca as persoas xurídicas ou empresarios individuais que promovan festivais de música que se celebren na provincia de Pontevedra, sempre que éstes cumpran unha serie de condicións.*

*2.-Xustificación do prezo proposto.*



*A determinación do importe da contratación proposta esixe unha valoración da prestación económica a abonar, que nun contrato de patrocinio se entende referenciado á valoración do retorno publicitario.*

*O prezo proposto non pode exceder da valoración do retorno e debe xustificarse en función do mercado. A diferenza de prezo entre festivais debe motivarse en base a criterios obxectivos como por exemplo, a aplicación dunha porcentaxe sobre o valor do retorno, obrigas de difusión e/ou características do evento.*

*A este respecto sinalar, que na providencia de inicio asinada pola xefa do servizo de Turismo Rías Baixas e a Deputada delegada, recóllese que o prezo establecido considérase beneficioso para a Administración, podéndose comprobar antes do pago (co informe do impacto publicitario obtido pola empresa adxudicataria), a valoración do retorno publicitario sobre o patrocinio recibido.*

*Advírtese da falta duns criterios obxectivos para a determinación do prezo. Se ben, o prezo proposto non supera o valor do retorno, non garda relación directa co mesmo (existen prezos similares para valores de retorno diversos) nin se explicitan no seu caso, outros criterios de gradación tidos en conta a hora de determinar o prezo finalmente aplicado.*

*A correcta valoración do retorno esixiría un maior detalle a incorporar nun estudo económico avaliado e conformado polo Servizo ou elaborado por unha empresa especializada contratada pola Deputación de Pontevedra, con desglose dos medios de difusión e valoración económica dos impactos publicitarios e do conseguinte valor de retorno para esta Deputación. Así mesmo, o prezo do contrato debería determinarse en base a parámetros obxectivos e cuantificables a aplicar respecto da totalidade dos festivais.*

### *3.-Outras observacións.*

*Tamén sinalar que a finais do mes de febreiro de 2024, foi adxudicado o contrato para a elaboración do "Plan Estratégico de Turismo do destino Rías Baixas 2024-2027" debendo terse en conta o que se recolla no mesmo, unha vez sexa aprobado polo órgano competente, no que atinxa á promoción e comunicación dos festivais nos vindeiros anos.*

*Segundo se recollía no Plan de Xestión de Turismo de Festivais 2020-2023, a celebración dos festivais nos meses de máxima afluencia e a escasa proxección internacional dos mesmos, supoñen unha contribución relativa destes á dinamización turística da provincia. Neste sentido, recoméndase centrar os patrocinios en actuacións que promovan a desestacionalización, axudando á consolidación e promoción turística fóra do período estival así como, nas de maior impacto internacional".*

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal entenderase por contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obligue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Á vista do exposto, por Resolución da Presidencia número 2024002173, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205, de 15 de marzo de 2024, delegáronse na Deputada María





Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra, **RESOLVO:**

**1.- Aprobar o expediente** para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, do "Servizo de patrocinio publicitario do festival Sonrías Baixas 2024, a celebrar no concello de Bueu os días 1, 2 e 3 de agosto de 2024, como festival incluído na marca Rías Baixas Fest Pontevedra Provincia".

O contrato terá un prazo máximo de duración dende a súa formalización e ata o 3 de outubro do 2024, sen preverse prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 49.610,00 €.

O valor estimado é de 41.000,00,00 €.

**2.- Aprobar os pregos** de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 3DMRTB56SKH5SVHT) e de prescricións técnicas (CSV: DO2BXB8ERHXR9YoM) que rexerán dita contratación.

**3.- Autorizar o gasto** polo importe máximo de 49.610,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.226.23 do vixente orzamento provincial.

**4.- Nomear responsable** do contrato á Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra.

**5.- Iniciar o procedemento** para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (B94168705), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as **10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais**, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

*Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo do cal poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.*

Documento asinado electronicamente

